



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 6/2019 (2/2019 DO MANDATO 2019-2023), EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA, 04 DE XULLO DE 2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/000293

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 6/2019 (2/2019 do mandato 2019-2023)

CARÁCTER : Extraordinaria organizativa (xoves 04 de xullo de 2019 ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante) e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dada a necesidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do devandito ROF, convoco **sesión extraordinaria do PLENO, para o xoves 04 de xullo de 2019, ás 12:00 horas** (ou dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) **no Salón de sesións da Casa do Concello coa seguinte**

ORDE DO DÍA

- 1.-** Aprobación da acta da sesión anterior (5/2019, extraordinaria constitutiva, do 15 de xuño de 2019).
- 2.-** Dación de conta do pase do Señor Alcalde á situación administrativa de servizos especiais coma funcionario de carreira do Concello de Carral.
- 3.-** Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais.
- 4.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de acordo sobre periodicidade das sesións do Pleno.
- 5.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de acordo sobre constitución de comisións informativas permanentes.
- 6.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de nomeamentos de competencia do Pleno de representantes da Corporación en órganos colexiados.
- 7.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno de acordos referentes a retribucións de cargos con adicación exclusiva e parcial e réxime de adicación destes últimos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

8.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de acordos de fixación de asistencias pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados da Corporación.

9.- Dación de conta de resolucións da Alcaldía en materia de nomeamentos e delegacións.

10.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de delegación de atribucións do Pleno.

Notifíquese a presente resolución a todos/as os sres/as. concelleiros/as da Corporación (tendo en conta a designación polos distintos grupos políticos municipais dos membros titulares e suplentes do órgano convocado), advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval